

N. Expediente 1874/2022

Asunto ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2022

Trámite Avaliación do grado de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do nivel de débeda viva

INFORME DE INTERVENCIÓN DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA

Visto o Proxecto de Orzamento municipal para o ano 2022, a funcionaria que subscribe, conforme o sinalado no art. 165.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b.6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas. Por iso a aprobación e liquidación dos Orzamentos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento das chamadas tres regras fiscais: a estabilidade orzamentaria, a regra do gasto e a débeda pública.

As regras fiscais atópanse suspendidas para os exercicios 2020 a 2022. A Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020 (prorrogada para o exercicio 2021), considerando que se cumprían as condicións para mantela en vigor tamén para o ano 2022, polo que o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo acordou o mantemento da suspensión das regras fiscais.

Dita decisión foi ratificada polo Congreso dos Deputados o 13 de setembro de 2021, considerando que en España se manteñen as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais en 2022. Deste xeito, coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, mantéñense suspendidos durante o exercicio 2022, os obxectivos de estabilidade e débeda, así como a regra de gasto.

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo nin do resto da normativa hacendística, todas continúan en vigor.

A pesar de que os obxectivos de estabilidade, débeda pública e a regra de gasto, aprobados polo Goberno o 11 de febreiro de 2020 son inaplicables por estar aprobada a súa suspensión, aos Orzamentos das Entidades Locais séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria contida no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e



a súa normativa de desenvolvemento e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo cal, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e o artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente e incorporárase aos previstos no artigo 168.4 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Devandito cálculo, que se realizará a efectos informativos, non fornecerá ningún efecto durante os exercicios 2020, 2021 e 2022 por estar o obxectivo de estabilidade orzamentaria suspendido.

Igualmente seralles de aplicación aos Orzamentos das Entidades Locais o principio de sustentabilidade financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira, sendo plenamente aplicable o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira.

Devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

O cálculo da débeda financeira igualmente realizarase a efectos informativos, e non fornecerá ningún efecto durante este período, máis aló de coñecer os límites establecidos na normativa hacendística para concertar novas operacións de endebedamento a longo prazo.

Sobre o cumprimento da regra do gasto, non é posible emitir informe sobre o seu cumprimento xa que non non está en vigor a taxa de variación a aplicar para o seu cálculo. Ademais non é preceptivo o cálculo do cumprimento da regra de gasto na aprobación do orzamento.

SEGUNDO. Normativa reguladora do principio de estabilidade orzamentaria no Sector Público Local, de cálculo da regra de gasto e das obrigacións de subministración de información.

- Os artigos 3, 11, 12, 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- O artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais.
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na



LOEPSF

- Os artigos 51 a 53 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- O Regulamento (UE) Núm. 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC-10).

TERCEIRO. Análise do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria do Orzamento 2022.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes orzados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros orzamentarios, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

➤ **Axustes SEC:**

Os axustes SEC son os seguintes, de acordo cos formularios de comunicación de información na aplicación Autoriza (Oficina Virtual das EELL):

(Importes en €)

Identif.	Concepto (Previsión de axuste a aplicar aos importes de ingresos e gastos)	Importe axuste a aplicar ao saldo orzamentario 2021 (+/-)	Observacións
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	265,05 €	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2021 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser 0,01%. Ver cadro 1.
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	1.173,00 €	Aplicase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2021 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser 0,69%. Ver cadro 1.



GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	10.848,20 €	Aplícase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo). Tomando os datos da liquidación 2021 calculouse a porcentaxe de axuste a practicar, resultando ser 0,55 %. Ver cadro 1.
GR001	(+) Axuste pola liquidación PTE 2008	0,00	Non se da este suposto
GR002	(+) Axuste pola liquidación PTE 2009	0,00	Non se da este suposto
GR002b	(+) Axuste pola liquidación PTE de exercicios distintos a 2008 e 2009	0,00	Non se da este suposto
GR006	Xuros	0,00	Os axustes para practicar son de escasamente significativa importancia polo que se prescinde dos mesmos -sen que se afecte á imaxe fiel da entidade nin ao que se conclúa no presente informe respecto ao cumprimento da estabilidade orzamentaria- en aplicación do principio de importancia relativa.
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00	Non se da este suposto
GR015	(+/-) Axuste polo grao de execución do gasto	0,00 €	Dado o grado de inestabilidade económica e social actual e dos dous exercicios anteriores considérase que non se pode realizar unha previsión da inexecución do gasto como se viña realizando en función da execución dos exercicios anteriores, polo que non se realiza este axuste aplicando un criterio de prudencia, xa que o mesmo suporía un aumento na previsión da estabilidade e non se pode coñecer se a execución orzamentaria responderá a tendencia de exercicios pasados.
GR009	Investimentos realizados por conta da corporación local	0,00	Non se da este suposto
GR004	Ingresos por vendas de accións (privatizacións)	0,00	Non se da este suposto
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00	Non se da este suposto
GR016	Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea	0,00	Non se da este suposto
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00	Non se da este suposto
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00	Non se da este suposto
GR012	Achegas de capital	0,00	Non se da este suposto
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00	Non se da este suposto
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	0,00	Este dato coñecerase na liquidación do orzamento.
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00	Non se da este suposto



GR008a	Arrendamento financeiro	0,00	Non se da este suposto
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00	Non se da este suposto
GR010	Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00	Non se da este suposto
GR019	Préstamos	0,00	Non se da este suposto
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	0,00	Non se da este suposto
GR021	Consolidación de transferencias con outras Administracións Públicas	0,00	Non se da este suposto
GR099	Outros	0,00	Non se coñecen datos neste apartado
Total de axustes ao orzamento da entidade		12.286,25 €	

* **Cadro 1:** Cálculo dos axustes por rexistro en Contabilidade Nacional de Impostos, Taxas e outros ingresos.

	Dereitos Recoñecidos 2021	Recadación 2021			AXUSTES ORZAMENTO 2022		
		Corrente	Pechado	Total	% de axuste	Créditos Iniciais	AXUSTE
Impostos Directos	2.513.506,59 €	2.513.506,59 €	213,07 €	2.513.719,66 €	0,01	2.650.500,00	265,05 €
Impostos Indirectos	121.572,14 €	121.572,14 €	842,92 €	122.415,06 €	0,69	170.000,00	1.173,00 €
Tasas E outros ingresos	1.884.821,73 €	1.815.774,77 €	79.466,40 €	1.895.241,17 €	0,55	1.972.400,00	10.848,20 €

Axuste positivo (+): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do Orzamento de Ingresos é menor do recadado (corrente máis pechado), supoñerá unha maior capacidade de financiamento.

Axuste negativo (-): Se o importe dos dereitos recoñecidos dos capítulos I a III do Orzamento de Ingresos é maior do recadado (corrente máis pechado), supoñerá unha menor capacidade de financiamento.

Examinados os axustes para practicar no saldo resultante dos ingresos e gastos non financeiros do orzamento para determinar a capacidade ou necesidade de financiamento calculado conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas (nos termos sinalados pola Orde HAP/2105/2012 xa citada), o proxecto de orzamento 2022 do Concello de Cambados depara o seguinte resultado en termos de estabilidade orzamentaria:

Ingresos cap. 1-7	9.681.688,44
Gastos cap. 1-7	9.457.300,38
Resultado previo á axustes	224.388,06
Axustes maior déficit	0,00
Axustes menor déficit	12.286,25 €



Capacidade de financiamento	236.674,31
------------------------------------	-------------------

O resultado é de capacidade de financiamento, polo que o proxecto de Orzamento de 2022 **cumpre** o obxectivo de estabilidade orzamentaria (equilibrio ou superávit).

CUARTO. Análise do cumprimento do límite de Débeda.

Considerando que para a Administración Local non se estableceu en termos de ingresos non financeiros este obxectivo, e que en consecuencia resultan de aplicación os que xa establecía o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais no seu artigo 53, efectúase este cálculo a efectos de determinar se o Concello cumpre co obxectivo de débeda Pública.

Así mesmo debe terse en conta o disposto na DF 31^a da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, que modifica DÁA 14^a do RD 20/2011, e regula tres posibles situacións e límites de endebedamento:

1.- As Entidades Locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

2.- As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.

3.- As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

De conformidade coa normativa vixente, o resultado da comprobación do cumprimento do límite de endebedamento desta Entidade de acordo co réxime de autorización é o seguinte:

- O capital vivo pendente de amortizar a 01/01/2022, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 337.003,53 €, que supón un 3,37 % dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Capítulos 1 ao 5) da liquidación 2021, que ascenden a 10.000.130,30 €.
- A carga financeira consignada nas aplicacións orzamentarias intereses préstamos concertados e amortización préstamos concertados, ascende a 225.888,06 euros, que supón un 2,33 % sobre os ingresos previstos por recursos ordinarios no Orzamento Municipal de 2022, e un 2,26 % sobre os recursos ordinarios liquidados na última liquidación practicada.

Con base nos cálculos detallados **cúmprese** o límite de débeda no proxecto de Orzamento municipal para o exercicio 2022.

(Documento asinado electronicamente)

